



ACTUALIDADE SOBRE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS

NÚMERO 35

DO 1 AO 15 DE NOVEMBRO 2008

Contido

Política comunitaria

Clústeres poderosos: os piares da competitividade en Europa.

Páxina 1

Programas Europeos

Novas convocatorias

Convocatorias vixentes

Páxinas 2-4

Noticias

Un informe da OCDE urxe aos países a promover a ciencia e a innovación.

Páxina 6

Política Comunitaria

Clústeres poderosos: os piares da competitividade en Europa

http://ec.europa.eu/enterprise/innovation/index_en.htm

Os clústeres competitivos son motores moi poderosos para o desenvolvemento económico e piares da innovación na UE. Ofrecen un ámbito vizioso para que as empresas, especialmente as PEME, colaboren con institutos de investigación, provedores, clientes e competidores situados na mesma zona xeográfica. A Comisión Europa apela á intensificación dos esforzos para facilitar a emerxencia de clústeres de clase mundial na UE. Os retos que aparecen son os seguintes: afondamento do mercado interior, mellora das políticas de clústeres, fomento da cooperación transnacional, promoción da excelencia das organizacións de clústeres e mellora da integración das PEME innovadoras nos clústeres.

A Europa non lle faltan clústeres, pero fáltanlle clústeres de clase mundial. O Observatorio europeo de clústeres censou recentemente ao redor de 2.000 agrupacións estatisticamente significativas que empregan o 38% da man de obra europea. Pero a fragmentación constante do mercado, a debilidade dos vínculos entre industria e investigación, así como a insuficiente cooperación no seo da UE fan que os clústeres europeos non teñan sempre a masa crítica e a capacidade de innovación necesarias para afrontar a competitividade mundial.

A Comisión propón as seguintes medidas para crear un marco máis eficaz de apoio aos clústeres dentro da UE:

- ✎ Continuar mellorando o funcionamento do mercado interior e suprimir os obstáculos que subsisten, sobre todo os que levan consigo fluxos de coñecementos, a mobilidade do persoal cualificado ou o acceso ao financiamento transfronteirizo;

- ✎ Establecer un grupo político europeo de clústeres que permita continuar explorando medidas para axudar aos Estados membros a favorecer a emerxencia de clústeres de clase mundial;
- ✎ Ampliar o diálogo político lanzado pola alianza europea de clústeres entre os Estados membros e as rexións da UE co fin de intercambiar as prácticas en materia de concepción de políticas a favor dos clústeres;
- ✎ Continuar desenvolvendo o Observatorio europeo dos clústeres para que se converta nun verdadeiro servizo para os clústeres e para as empresas innovadoras para dinamizar a cooperación transnacional e desenvolver partenariados na UE;
- ✎ Lanzar unha iniciativa piloto que propoña programas de formación e unha plataforma de cooperación para os dirixentes de clústeres que poida axudar a preparar unha etiqueta de calidade para as organizacións de clústeres, así como novas formas de apoio ás PEME innovadoras.

Para aproveitar plenamente estas accións, a Comisión seguirá facendo fincapé nas iniciativas que persigan apoiar aos clústeres, como aquelas que xurdan da política de cohesión, do programa marco de investigación e desenvolvemento e do programa para a competitividade e a innovación, co propósito de estimular a aparición dun maior número de clústeres de clase mundial en Europa e de acelerar o seu desenvolvemento.

Programas europeos

Novas convocatorias

CONVOCATORIA PÚBLICA. Cooperación Europea no Campo da Investigación Científica e Técnica (COST)

www.cost.esf.org/cnc

A Asociación COST reúne investigadores e expertos de distintos países que traballan en torno a temas específicos. A COST NON financia a investigación como tal, senón que presta apoio á posta en rede de actividades como reunións, conferencias, intercambios científicos de curta duración e actividades de promoción. Na actualidade, préstase apoio a máis de 200 redes científicas (Accións).

A COST está aberta a propostas referentes a Accións que contribúan ao desenvolvemento científico, tecnolóxico, económico, cultural ou social de Europa. Acolle con especial interese as propostas que teñan un papel precursor respecto doutros programas europeos e/ou sexan postas en marcha por investigadores noveis.

O apoio financeiro que pode esperar é da orde dos 100.000 EUR anuais, en xeral por un período de catro anos.

A avaliación das propostas realizarase en dúas fases. As **propostas preliminares** deben ofrecer un breve resumo da proposta e da súa pretendida repercusión. Pedirase aos autores das propostas preliminares seleccionadas que presenten unha proposta completa.

As **propostas completas** serán examinadas detidamente por homólogos. Normalmente, a decisión tómase nun **prazo de seis meses** a partir da data límite de presentación e agárdase que as Accións se inicien no prazo de tres meses.

A data para a presentación das **propostas preliminares é o 27 de marzo de 2009**.

Aceptaranse unhas 80 propostas completas para a selección final de aproximadamente 30 novas Accións.

A convocatoria para a presentación de **propostas completas** farase como moito o 15 de maio de 2009 e o seu prazo de presentación finalizará o 31 de xullo de 2009; está previsto que as decisións se tomen en novembro de 2009. A seguinte data de recollida será, previsiblemente, o 25 de setembro de 2009.



Convocatorias vixentes

Convocatoria -7 PM - Persoas - 'Noite dos Investigadores 2009'

http://cordis.europa.eu/fp7/dc/index.cfm?fuseaction=UserSite.FP7DetailsCallPage&call_id=157
http://ec.europa.eu/research/researchersineurope/events/researchersnight08/index_en.htm

A Comisión Europea publicou unha convocatoria de propostas para o evento "Noite dos Investigadores 2009". A "Noite dos Investigadores" finánciase a través das accións Marie Curie do Programa Marco, concretamente, a través das chamadas "Accións específicas".

Esta convocatoria está deseñada para organizacións de Estados membros da Unión Europea e países asociados. Os proxectos propostos deberán ter unha duración non superior aos sete meses. O presuposto indicativo ascende a 3 millóns de euros.

Trátase dun evento paneuropeo no que participan organizacións científicas e de investigación de diferentes tipos, entre

elas museos, laboratorios e institucións académicas, e que inclúe grande variedade de actividades entretidas e divertidas que está previsto que se prolonguen ata altas horas da noite. O seu propósito é **dar á sociedade, e en especial á mocidade, a oportunidade de coñecer investigadores nun ambiente festivo e divertido e poñer de relevo as boas razóns que hai para emprender unha carreira científica.** A "Noite dos Investigadores Europeos" celébrase dende 2005.

O prazo para presentar propostas finaliza o **14 de xaneiro de 2009**. A Comisión Europea celebrará en Bruxelas unha xornada informativa acerca da convocatoria o próximo 13 de novembro.



Lanzamento da 2ª Convocatoria de Interreg IVC

<http://www.interreg4c.net/>

Os 27 e 28 de outubro celebrouse o 2º Foro Interrexional de Cooperación da UE en Lille, onde se inaugurou a **segunda convocatoria de propostas do Programa de Cooperación Interrexional INTERREG IV C**.

O **prazo** da convocatoria remata o 30 de xaneiro 2009.

O **obxectivo xeral** consiste en mellorar as políticas rexionais da UE, dotar de maior efectividade as políticas de desenvolvemento rexional e profesionalizar o intercambio de boas prácticas.

Prioridades:

- 👉 **Innovación e economía do coñecemento**
 - 👉 Investigación e desenvolvemento tecnolóxico
 - 👉 Espírito emprendedor e PEME
 - 👉 Sociedade da información
 - 👉 Emprego, capital humano e formación
- 👉 **Medio**
 - 👉 Cambio climático, riscos naturais e riscos tecnolóxicos
 - 👉 Xestión da auga
 - 👉 Prevención e xestión de residuos

- 👉 Biodiversidade e preservación da herdanza natural. Calidade do aire
- 👉 Enerxía e transporte sostible
- 👉 Herdanza cultural e paisaxe

Actividades financiáveis

- 👉 "Actividades piloto"
- 👉 Profesionalización do intercambio de boas prácticas en áreas innovadoras
- 👉 Conferencias e seminarios
- 👉 Visitas de estudo
- 👉 Intercambio de persoal
- 👉 Web sites
- 👉 etc

Candidatos elixibles

- 👉 Autoridades rexionais ou entes que teñan poder de influencia e decisión nas políticas rexionais.
- 👉 O partenariado debe comprender países de toda Europa (na medida do posible), mesturando rexións máis e menos avanzadas, evitando concentrar os recursos unicamente nas zonas transfronteirizas.
- 👉 Importante: unha mesma organización só pode presentarse a 5 proxectos.

A duración máxima dos proxectos será entre 24 e 36 meses, dependendo do tipo de actuación.



Convocatorias vixentes

Cooperación entre Clústers rexionais de investigación. 7º PROGRAMA MARCO. Programa Capacidades. Convocatoria FP7-REGIONS-2009-1

http://cordis.europa.eu/fp7/dc/index.cfm?fuseaction=UserSite.FP7DetailsCallPage&call_id=167

Os obxectivos desta convocatoria son:

- ↳ Incrementar a capacidade dos actores rexionais para promover o desenvolvemento baseado na ciencia e a tecnoloxía.
- ↳ Reforzar a capacidade das rexións para invertir en investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
- ↳ Apoiar o desenvolvemento de estratexias rexionais de investigación que poidan ser integradas nas estratexias de desenvolvemento económico.

Os proxectos deberán enfocarse á **creación de mercados líderes mediante a promoción do uso sostible dos recursos naturais e do ámbito natural e do humanizado**. En concreto propóñense 5 mercados líderes baseados na axeitada xestión dos recursos naturais:

1. Enerxías renovables (xestión da auga, do bosque e do chan)
2. Produtos biolóxicos (xestión da auga, dos bosques e do chan)
3. Construción sostible (xestión dos bosques)
4. Tecidos protectores (xestión de auga e xestión de residuos)
5. Reciclaxe (xestión da auga, do chan e de residuos).

Valoraranse enfoques horizontais baseados no desenvolvemento de eco-tecnoloxías, especialmente fundamentadas nas ciencias naturais, a biotecnoloxía e a bioquímica.

Actividades a desenvolver:

1. Análise e integración das axendas investigadoras.
2. Integración
3. Medidas de implementación do Plan de Acción Conxunto.

O número de participantes mínimo serán **3 clusters rexionais de investigación, procedentes de 3 Estados membros diferentes**. Cada cluster deberá estar formado por polo menos tres tipos de entidades:

- a) Entidades investigadoras - Universidades, organismos de investigación, etc.
- b) Empresas
- c) Autoridades rexionais/locais (governos locais e/ou rexionais, axencias de desenvolvemento rexional, etc.)

A duración dos proxectos será de **36 meses**.

O financiamento poderá acadar o 100% dos custos elixibles, se ben se estima que o financiamento comunitario se situará **entre 1 e 3 millóns de euros**.

A data límite para a presentación de proxectos é o **27 de xaneiro de 2009**.



Noticias

Un informe da OCDE urxe aos países a promover a ciencia e a innovación

www.ocde.org

A Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) publicou unha revista de políticas de ciencia, tecnoloxía e innovación nos seus países membros e outros seis países (incluíndo China, Israel e a Federación rusa) onde aconsella aos gobernos a **promover a ciencia e a innovación para garantir o crecemento a longo prazo.**

A publicación (*OECD Science, Technology and Industry Outlook 2008*) anima aos países membros da OCDE a reforzar os vínculos entre os organismos públicos de investigación e a industria, e a aumentar a cooperación internacional.

De acordo co informe, a maioría das contas de empresas de investigación e desenvolvemento obtiveron bos resultados nos países da OCDE e, aínda que o investimento creceu durante a última década, o ritmo de crecemento tense ralentizado dende 2001. O gasto en I+D das empresas en EEUU caeu de 2.05% do PIB en 2000 ao 1.84% do PIB en 2006, mentres que na UE este investimento creceu tan lentamente que a UE non será quen de alcanzar o seu obxectivo do 2% de investimento de empresas en I+D en 2010.

As taxas globais de gasto en I+D estímense en 35% para os EEUU, 24% para a UE e 14% para Xapón.

Dende 2000, segundo o informe, o lento crecemento do gasto das empresas en I+D causou unha caída do 2% na taxa europea. Ademais, o informe destaca que a inestabilidade actual dos mercados financeiros terá impactos a longo prazo nas empresas que inverten en I+D.

As economías emerxentes contan cun importante crecemento da taxa global de investimento en I+D. En China, o gasto en I+D no sector empresarial como porcentaxe do PIB medrou anualmente un 20%, en contraposición á media anual de crecemento de arredor do 3% na UE e EEUU.

As patentes e as publicacións científicas aumentaron nos últimos anos pero a porcentaxe de patentes europeas que entran en EEUU e Xapón caeu, mentres que esa porcentaxe por parte das economías asiáticas creceu substancialmente. A publicación de artigos científicos continúa concentrada nuns poucos países.

O informe analiza o desenvolvemento na UE dunha Área de Investigación Europea (ERA) como exemplo de mellora da coordinación na elaboración e implementación de políticas nacionais. En particular, destacan os obxectivos marcados polos países da UE para aumentar o gasto en investigación que levou a un aumento no financiamento público de I+D, a pesar das continuas restricións presupostarias.

Por último, o informe conclúe que os temas que necesitan ser mellorados urxentemente inclúen a cooperación entre sinaturas estranxeiras e gobernos para atraer investimento estranxeiro, e a mellora de políticas para promover o talento nas economías domésticas.

Ademais, dado que a innovación en empresas leva consigo innovacións tecnolóxicas, de procesos, organizativas e de mercadotecnia, as políticas para promover a innovación necesitarán abranguer toda esta variedade de actividades.



As taxas globais de gasto en I+D estímense en 35% para EEUU, 24% para a UE e 14% para Xapón.

Axenda

25 de novembro 2008

Conferencia europea sobre prácticas innovadoras en TIC e adm-on. electrónica.

Lugar: Derry, Irlanda

Organiza: Comisión Europea

http://www.derrycity.gov.uk/economicdevelopment/pan_european_conference3.htm

25-27 de novembro 2008

TIC 2008: “I” para o futuro: Invención, Innovación, Impacto
A principal cita europea sobre investigación en TIC

Lugar: Lyon, Francia

Organiza: DX Sociedade da Información

http://ec.europa.eu/information_society/events/ict/2008/index_en.htm

30 novembro – 2 decembro 2008

Conferencia Ministerial e-Inclusion

Lugar: Viena

http://ec.europa.eu/information_society/events/e-inclusion/2008/index_en.htm

Xaneiro 2009

Primeiro Workshop do proxecto DEN4DEK sobre ecosistemas dixitais

Lugar: Zaragoza

Organiza: DEN4DEK

http://www.den4dek.org/Sitio_web/Upcoming_Events.html

Abril 2009

Segundo Workshop do proxecto DEN4DEK sobre ecosistemas dixitais

Lugar: Barcelona

Organiza: DEN4DEK

http://www.den4dek.org/Sitio_web/Upcoming_Events.html

Contacto



Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Contacto:
info@fundacioncalidade.org